



**PROTOCOLO SOBRE A CELEBRACIÓN DE ACTUACIÓN
TELEMÁTICAS NO ÁMBITO DO TRIBUNAL SUPERIOR DE
XUSTIZA DE GALICIA**

1. CRITERIOS XERAIS

Este protocolo responde ao disposto no punto 58 da guía para a celebración de actuacións xudiciais telemáticas que aprobou o Consello Xeral do Poder Xudicial o 27 de maio de 2020. Con este documento establécense un conxunto de criterios orientadores para o debido aproveitamento dos medios técnicos postos á disposición de xuíces/zas e maxistrados/as que prestan servizo en Galicia. Malia o carácter temporal que o Real decreto Lei 16/2020, do 28 de abril, fixou para esta vía de realización de diferentes actuacións xudiciais, foi ratificado agora, nas actuais circunstancias, pola Lei 3/2020, do 18 de setembro, de medidas procesuais e organizativas para facer fronte á covid-19 no ámbito da Administración de Xustiza.

Confírmase, deste xeito, o espírito dos artigos 229 e 230 da Lei orgánica do poder xudicial e o acordo da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 8 de febreiro de 2019, no que se validaron os medios e aplicacións informáticas postos á disposición dos órganos xudiciais desta Comunidade pola Administración prestacional, a Xunta de Galicia. O presente protocolo perfílase como unha ferramenta eficaz para afrontar futuras modificacións legais ou en previsión da aparición de novas situacións que impidan as actuacións totalmente presenciais, tal e como aprobou a Sala de Goberno o 24 de xullo de 2020.

O órgano encargado da planificación e xestión desta tarefa é a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia. Os medios telemáticos son os proporcionados pola Administración prestacional e cumpren as esixencias técnicas impostas pola guía elaborada polo CXPX, a teor do certificado polo dito organismo.

Este protocolo ten como finalidade servir como orientación para a totalidade dos operadores xurídicos, adaptando os criterios e pautas establecidas polo CXPX na súa guía ás circunstancias e medios propios do TSXG. Os principios xerais que a inspiran son:

- O uso dos medios telemáticos para a realización de actuacións xudiciais supón un medio auxiliar para o exercicio da función de xuíces/zas e tribunais. A estes corresponde, no exercicio da súa competencia, a decisión última sobre o seu emprego, sempre baixo o respecto ao disposto nos artigos 229 e 230 da LOPX.
- En ningún caso as actuacións xudiciais que se leven a cabo por vía telemática poderán supoñer unha mingua dos dereitos das partes, das garantías procesuais ou dos principios esenciais reitores desta clase de actos.
- Trátase dun conxunto de recomendacións para un axeitado uso dos medios técnicos, para conxugar a súa eficacia dentro do pleno cumprimento das normas procesuais, sen a condición de norma imperativa con eficacia inmediata.

Créase un documento de traballo flexible, capaz de ser adaptado a novas necesidades e de acoller as propostas que se realicen para dar un maior valor e efectividade á vía telemática, o que supón a posibilidade da súa revisión periódica, sempre que sexa necesario ou xurdan motivos para iso. Unha vez aprobada, daráselles a oportuna información aos diferentes operadores xurídicos, conforme o exposto no punto 57 da guía do CXPX, e habilitarase unha dirección de correo específica para que se comuniquen á Sala de Goberno as incidencias que se puideren producir ou as suxestións para mellorar as actuacións por vía telemática.

En definitiva, por unha parte, trátase de proseguir na transformación tecnolóxica da Xustiza en Galicia, na liña xa exposta polo presidente do Tribunal Superior no seu discurso de apertura do presente ano xudicial; e, pola outra, de dotar a xuíces/zas e tribunais de instrumentos idóneos para a mellora da súa función en circunstancias ordinarias e, asemade, de que situacións extraordinarias —novos confinamentos ou similares— non conduzan á paralización da actividade xudicial, que, como servizo público esencial, deberá seguir prestándose en tales momentos, como o fan os membros de servizos

sanitarios, policiais e outros declarados esenciais ou básicos durante os ditos períodos extraordinarios.

2. XESTIÓN DAS ACTUACIÓNS TELEMÁTICAS

Os actos procesuais realizaranse nos termos da Lei 3/2020, do 18 de setembro, de medidas procesuais e organizativas para facer fronte á covid-19 no ámbito da Administración de Xustiza, mediante presenza telemática a criterio do titular do órgano xudicial e constituído o xulgado ou tribunal na súa sede. En todo caso, e sobre todo en actos que supoñan certa complexidade polo número de participantes ou polo seu contido, poñerase en coñecemento das partes para que formulen calquera posible alegación.

Nestas actuacións usaranse exclusivamente os sistemas informáticos establecidos pola Administración prestacional, na medida en que a súa validación garante a autenticidade, seguridade e integridade da propia actuación e da súa gravación, quedando expresamente excluído calquera outro de uso común ou do que poidan dispoñer privadamente os operadores xurídicos.

Os xuízos e vistas telemáticas teñen o mesmo contido e eficacia que os actos presenciais, de aí que se teñan que desenvolver coas mesmas formalidades que aqueles. O medio empregado non afecta ao contido nin á solemnidade do acto.

Instarase ás administracións competentes para que nos centros penitenciarios, centros de menores, áreas hospitalarias de psiquiatría, centros ou residencias de persoas maiores ou con discapacidade ou outros análogos se establezan salas axeitadas para a celebración de actuacións xudiciais telemáticas a través do sistema de videoconferencia. Queda a criterio xudicial a posibilidade de que eses actos se realicen utilizando un terminal portátil, pero polo mesmo sistema de comunicación bidireccional, seguro e homologado.

Nos casos de intervención por vía telemática, o/a médico/a forense, os/as facultativos/as e os/as funcionarios/as públicos/as farano, con carácter xeral, desde o seu lugar de traballo. O resto dos intervenientes nesa situación farano desde a sede xudicial máis próxima ao seu domicilio. Todo iso para garantir a certeza e intanxibilidade da proba practicada.

A Administración prestacional deberá dotar de medios ás salas de audiencia ou habilitar dependencias nas sedes xudiciais para a práctica destas actuacións telemáticas.

3. LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS ACTUACIÓNS TELEMÁTICAS

Nas súas actuacións internas, xuíces/zas e maxistrados/as poderán facer uso da vía telemática nos termos expresamente establecidos no punto 18 da guía do CXPX. Na actividade gobernativa, deliberacións e comunicacións co/a letrado/a da Administración de Xustiza, a oficina xudicial e a Fiscalía, xuíces/zas e maxistrados/as dispoñen de ferramentas de videoconferencia, correo electrónico e comunicación directa na intranet de Xustiza. A Sala de Goberno do TSXG celebrou as súas reunións de Pleno e Comisión desde o inicio da pandemia de forma virtual, ao igual que a Comisión de Seguimento e a Xunta Electoral de Galicia. Tamén pode estenderse aos órganos unipersoais a positiva experiencia das salas de deliberación virtuais, creadas por acordo da Sala de Goberno, formando grupos por xurisdicións ou por demarcacións. En todo caso, os órganos gobernativos poderanse acoller ás posibilidades que ofrece a lexislación sobre procedemento administrativo.

Nas súas actuacións externas con operadores xurídicos ou colaboradores oficiais da Administración de Xustiza, o órgano xurisdicional constituirase na súa sede, en dependencias habilitadas para a celebración do acto e cos medios técnicos necesarios. Os membros do Ministerio Fiscal e o resto dos operadores xurídicos que actúen de forma telemática poderán intervir desde as súas dependencias oficiais ou despachos profesionais, cun ámbito axeitado á formalidade do acto e cun equipo informático que lles permita oír e seren oídos, así como o envío de documentación se for necesario. En ningún caso se permitirán actuacións nas que o xuíz/xuíza ou maxistrado/a estea constituído fóra da sede do órgano xudicial.

Estas actuacións externas pódense realizar de forma mixta, con presenza telemática e presenza física nunha mesma dilixencia ou actuación, tal e como establece o punto 14 da guía do CXPX, co obxecto de limitar a concentración de persoas na sala de vistas, sempre que o procedemento o permita e se considere conveniente.

Nas actuacións externas, en relación coa cidadanía, na orde xurisdicional penal será necesaria sempre a presenza física do/a acusado/a nos xuízos por delito grave.

Os detidos/as declararán preferentemente mediante presenza telemática, adoptándose as medidas necesarias para garantir o dereito de defensa nas súas vertentes de asistencia letrada, interpretación e tradución e información e acceso ás actuacións. A presenza física do investigado/a ou detido/a, que fará ineludible a da súa defensa letrada, será necesaria nos xuízos por delito grave, cando se solicite unha pena de prisión superior a dous anos ou cando se pida a prisión provisional; tamén cando o estimen necesario o xuíz/a ou o letrado/a da Administración de Xustiza ante o que se celebre o acto procesual. Cando estas actuacións se realicen desde dependencias policiais ou penitenciarias, adoptaranse as medidas necesarias para que poida ter lugar a entrevista reservada co avogado de xeito efectivo, así como que o detido/a preste declaración sen outras persoas presentes no mesmo cuarto. Durante a realización dun xuízo penal, cando o acusado/a e o seu letrado/a non se achen na mesma dependencia, deberá garantirse a posibilidade de que manteñan contacto permanente e reservado por vía telemática. En ningún caso se permitirán comportamentos ou actuacións que poñan en cuestión a recta declaración de testemuñas ou peritos.

Os recoñecementos forenses de detidos/as, investigados/as e vítimas teñen que ser presenciais pola súa propia natureza, sen prexuízo da súa posible ratificación telemática ante o xuíz/a ou tribunal. Exceptúase o caso de que o informe poida emitirse á vista da historia clínica do/a interesado/a.

4. PREPARACIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS ACTUACIÓNS TELEMÁTICAS

O sinalamento das actuacións telemáticas concretará os termos para o axeitado desenvolvemento da actuación procesual telemática. Indicaranse o día e a hora de celebración do xuízo virtual, a forma de acceso á sala virtual, os requisitos técnicos esixidos para o facer e os intervinientes na devandita actuación procesual, e requiriráselles aos intervinientes os datos necesarios para unha adecuada celebración.

A achega de documentos deberase realizar nos termos que establece o punto 30 da guía do CXPX. É conveniente incidir en que a presentación documental se realice conforme ás instrucións impartidas polo CTEAXE, con documentos debidamente ordenados e foliados, con índices hipervinculados e con formato de recoñecemento óptico de caracteres (OCR) para facilitar a súa utilización durante a

sesión telemática e a súa axeitada incorporación ao Expediente Xudicial Electrónico.

As instrucións para se conectar á actuación procesual remitiranse polo menos con vinte e catro horas de antelación por correo electrónico aos/ás profesionais e, de ser o caso, ás partes e peritos. As persoas intervenientes realizarán as comprobacións oportunas nos seus equipos para garantiren a súa aptitude.

Ao inicio da actuación, o xuíz/a ou o presidente/a dará as indicacións oportunas para facilitar o seu normal desenvolvemento, procurando evitar dilacións innecesarias, disfuncións ou calquera incidente que afecte ao seu fondo ou á súa forma. O funcionariado do corpo de auxilio xudicial atenderá á incorporación dos e das intervenientes á sala de acceso ou de espera e á sala de vistas virtual, comprobando previamente a efectividade e as condicións da conexión, nos termos que indica o punto 29 da guía do CXPX.

Procurarase, conforme ao punto 4 da guía do CXPX, garantir o cumprimento do principio de publicidade nas actuacións telemáticas cando así o esixan as leis procesuais, entendida como unha garantía da cidadanía e unha salvagarda para o labor xurisdiccional. Esta poderase levar a cabo de maneira presencial, conforme ás disposicións de seguridade sanitaria, ou telemática, tras solicitude do cidadán/á e convite do órgano xurisdiccional a través da Sede Xudicial Electrónica.

5. FINAL

Conforme o disposto no punto 58 da guía do CXPX, darase traslado deste protocolo ao CXPX para a súa toma de coñecemento e, de ser o caso, control de legalidade, así como do informe/protocolo elaborado pola Amtega, para os efectos da verificación de cumprimento dos requisitos técnicos, segundo o establecido no punto 53 da guía. Tamén se dará traslado á Comisión de Seguimento, para coñecemento da Secretaría de Goberno do Tribunal, do Ministerio fiscal, dos avogados/as, procuradores/as e graduados/as sociais e da Xunta de Galicia.

A Sala de Goberno quere, unha vez máis, mostrar o seu agradecemento aos maxistrados Pedro Rabanal, Belén Rubido, Olalla Díaz e Marta Canales pola súa acertada e desinteresada colaboración na preparación de actos procesuais por vía telemática para verificar a

súa utilidade e detectar e facilitar a solución dos problemas prácticos que xurdiron na súa execución e que, unha vez solucionados, permiten a aprobación e a aplicación deste protocolo.

A Coruña, 30 de setembro de 2020